



Apunte de Maside.

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

Amoeiro, 1968

É licenciado en Xeografía e Historia coa especialidade de Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou como documentalista histórico no Museo Etnolóxico de Ribadavia e

exerce actualmente como profesor de Ensino Secundario no CPI de San Sadurniño (A Coruña). Ten organizado varias reunións científicas de ámbito internacional. Publicou os libros *Os intelectuais do agrarismo. Protesta agraria e reformismo social na Galicia rural* (Servicio de Publicacións da Univ. de Vigo, 1999)

e *De América para a casa. Correspondencia familiar de emigrantes galegos en Brasil, Venezuela e Uruguai, 1916-1969* (Consello da Cultura Galega, 2000), e está a rematar a súa tese doutoral sobre “Movementos sociais, política local e emigración de retorno na Galicia rural: Ourense, 1880-1936”.



A FIDALGUÍA NA NOVELA DE OTERO PEDRAYO

Raúl Soutelo Vázquez

I.- A figura de Otero Pedrayo na Cultura Galega: vida, obra e pensamento

Don Ramón de Trasalba viviu durante a súa mocidade e madurez, a xeira de modernización das estruturas económicas e dos comportamentos sociais na Galicia anterior a incivil guerra que se encetou no verán de 1936. Moitas desas transformacións estiveron incentivadas pola actuación dos emigrantes retornados, das sociedades agrarias que protestaban contra dos foros e dos caciques, que empregaban os impostos de consumos e os pucheirazos electorais para manterse no poder municipal (Villares, 1982; Cabo Villaverde, 1998). Ante este mundo rural, que estaba a mudar rapidamente para adaptarse ás novas

realidades dos mercados urbanos e do Estado liberal nos que a burguesía ocupaba os espazos de poder, o Grupo Nós ó que pertencía Otero, manifestou constantes saudades do solpor barroco dos morgados e prioiros, no que cada home sabía cal era o seu lugar debaixo do sol e lle gardaban o debido respecto ó señorito do pazo ou ó cura da parroquia. Pero Otero soubo ser un home comprometido co seu tempo, que participou activamente no movemento galeguista das Irmandades da Fala dende 1917, seguindo a Vicente Risco e a Antón Losada Dieguez¹, logo do impacto psicolóxico que lles causou a Revolución Soviética. Coa chegada da Segunda República, participou na formación do Partido Galeguista e foi elixido deputado por Ourense ás Cortes Constituíntes. Por este motivo as autoridades

1. Este foi o auténtico guía intelectual deste fato de 'fidalguiños' cunha cultura elitista, fundamente católica e tradicionalista, que lles fai ver que o mais avanzado e auténtico era buscar o autóctono e enxebre según o profesor Beramendi (1987: 57). Otero chegou a confesar que Losada Diéguez fora a quen primeiro lle escoitara "que Galicia era unha idea, algo que estaba agardando tamén á voz que a guiara polo seu camiño" (Freixanes, 1976: 23-24). É tamén coñecida aquela outra ocasión na que os fidalgos de Boborás e Trasalba coincidiron no omnibus e Antón Losada o despediu en Santa Cruz de Arrabaldo decíndolle: "¡Otero, tes trinta anos: ponte a facer algo!".



Maqueta para busto de Otero Pedrayo. Xosé Cid.

franquistas suspendérono de emprego e soldo dende 1936 ate 1949². Acadou a cátedra de Xeografía na Universidade de Santiago en 1950 e xubilouse oito anos despois, cando xa era o referente do Galeguismo, como patriarca arredor do cal facían as súas tertulias os homes de Galaxia durante a longa noite de pedra do franquismo. O seu pasamento produciuse o 10 de abril de 1976.

As características mais sobranceiras da monumental obra oteriana son o poligrafismo e o didactismo. Abrangue, ademais de incontables artigos na prensa, coetánea, a poesía (*Bocarribeira*), o teatro (*A lagarada*, *O desengano do prioiro* e *Rosalía* que é a súa obra póstuma), o ensaio (*Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega*) e a narrativa, que é o xénero litera-

rio no que deita a súa cosmovisión do pasado histórico e do futuro de Galicia. Pedrayo está considerado como o novelista máis fértil da literatura galega. A súa prosa literaria só adoita compararse coa de Blanco Amor. Aborda diferentes temáticas nas súas narracións, reflectindo o seu posicionamento de clase e a interpretación intelectual que facía D. Ramón da Historia de Galicia, e das fondas transformacións que estaban a mudar radicalmente aquel país de labregos que señorearan os seus antergos³. Neste intre histórico de grandes cambios, que mudaron a faciana daquela arcadia rural que os galeguistas do Grupo Nós idealizaron nas súas obras, D. Ramón de Trasalba procurou a fórmula coa que perpetuar a hexemonía social das dinastías fidalgas nas parroquias galegas. Pode ser que a súa confesa saudade dos tempos idos o levase a confundir os seus desexos cunha realidade que él, intimamente rexeitaba, pero resulta indubidable, que coas súas obras representou magnificamente ás xentes desta terra nunha época de frades, foros e fidalgos que xa fuxiu.

II.- O papel da fidalguía na Historia de Galicia: ss. XV-XX

A chamada 'doma e castración' da levantisca aristocracia galega polos Reis Católicos, forzou o absentismo da alta nobleza e fixo mais doada a consolidación dun sector de labradores abastados, pequenos nobles enriquecidos e cregos que fundaran morgados e viviron das rentas forais no cumio da pirámide social da Galicia Moderna. O foro era un contrato enfiteutico de longa duración que consistía na cesión do uso da terra á terceiros percibindo anualmente unha renda en especie (Fernández Casanova, 1991: 787). Aqueles recibiran esas terras en *foro* dos grandes mosteiros e señoríos nos ss. XIV e XV, pagándolles cativos foros e cedéndollas a súa vez, en *subforo* ós labregos que as traballaran, cobrando abultadas rentas coas que a fidalguía se enriqueceu ó longo

2. Desenvolvendo unha longa polémica na que triunfou a razón e a conciencia ética de D. Ramón que se negaba a ser repostado noutra cátedra que non fose a súa da cidade das Burgas.

3. Otero mergullouse neste xénero co relato curto titulado *Pantelas home libre* que se publicou en 1925 na colección Lar; logo apareceu *Escrito na néboa* (1927) como un borrador de *Arredor de si* (1930), novela de tese que presenta o proceso de aprendizaxe dun personaxe como trasunto da evolución ideolóxica do Grupo Ourensán. En 1934 publica *Fra Venero* –a súa única novela ambientada fora de Galicia– e *A Romaría de Xelmírez* centrada nun dos seus personaxes predilectos. En *O Mesón dos Ermos* –aparecida en 1936 e que constitúe un tesouro lexical porque emprega a lingua rural para construír unha lingua literaria–, *Entre a vendima e a castañeira* e *O señorito da Reboraina* aparece sempre a figura do fidalgo inadaptado ós novos tempos, pero será en *Os Camiños da Vida* onde Otero elabora un tríptico sobre as formas de vida da fidalguía rural na Galicia decimonónica, unha época moi querida para él que gostaba de definirse a si mesmo como “*unha pantasma do século XIX*”.



da Modernidade, converténdose nos señores da terra e das aldeas galegas ata comezos do século XX⁴. As súas relacións coa terra e cos outros grupos sociais fóronse complexizando durante eses catro séculos, pero poderíamos esquematizalas no seguinte cadro:

EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA FIDALGUÍA E DA PROPIEDAD DA TERRA EN GALICIA: O FORO

Período histórico	Grupo social e relación coa terra a través do foro		
	Dominio eminente: forista ou foratario	Dominio útil ou foreiro	
Baixa Idade Media: ss. XIV-XV	Mosteiros e alta nobleza	Campeñiños enriquecidos na estabilidade da terra, subaforan e viven da renda en especie	Subforeiros: familias campesiñas que traballan directamente a terra e pagan rentas altas ós foreiros polo subforo
Modernidade: ss. XVI-XIX	Mosteiros e nobleza absentista	a fidalguía intermediaria acada en 1763 a perpetuación do foro pola Resolución de Carlos III.	Familias labregas
Crise do Antigo Réxime: formación do Estado liberal e privatización da propiedade no XIX	<i>Desamortizacións</i> dos bens en mans mortas: exclaustación do clero secular dos mosteiros e venda pública dos seus bens. Supresión do desmo e dos <i>morgados</i> .	A fidalguía convértese en <i>proprietaria</i> ó mercar as rentas forais que lle pagaba ós mosteiros, participa nas partidos carlistas, adáptase ó sistema político liberal e á sociedade urbana de clases	Os campeñiños seguen pagando as rentas forais e os novos trabucos do Estado liberal. Consolídase unha capa social de ricos labradores que practican a aparcería de gando e o préstamo con usura, competindo coa fidalguía pola hexemonía social nas parroquias rurais.
Crise agraria finisecular e <i>derrota do rentista</i> : 1880-1936:	As rentas forais en especie perden valor; os labregos boicotean e a fidalguía desaparece como grupo social.	As sociedades agrarias loitan a prol da redención e da abolición dos foros, contra o caciquismo local e para modernizar as pequenas explotacións familiares (introducción de máquinas e adubos, selección de razas). Os campeñiños que emigran a América envían diñeiro, constrúen escolas e aportan novas ideas políticas para as sociedades agrarias.	

FONTE: elaboración propia a partir de Barreiro Fernández (1984) e Villares Paz (1982; 1985 e 1997).

O rei Carlos III resolvera transitoriamente a renovación dos foros en 1763, favorecendo os intereses dos intermediarios fidalgos e [teóricamente] dos campeñiños, fronte ós mosteiros e nobles que arelaban, despois das terras que viñan traballando secularmente para arrendarllas a precios máis altos. Xosé Ramón Barreiro (1984) interpreta isto como unha evidencia

do papel hexemónico que representaba xa a fidalguía na Galicia do século XVIII. Controlaba a extracción da renda foral pero sobre todo, ás mentalidades campesiñas, ó tempo que monopolizaba moitas funcións públicas na burocracia laica e no clero secular. Explícase deste xeito, a adaptación dos patrimonios rendistas á nova estrutura da propiedade privada

4. Este papel de señores *medianeiros* semella ser a causa principal que move ós historiadores a condenar á fidalguía e ó clero regular como os responsables históricos do atraso económico de Galicia. O argumento máis empregado é que este grupo social actuou durante trescentos anos como intermediario na extracción do excedente [teórico] das explotacións campesiñas a través do desmo e da renda foral, pero inmovilizou eses capitais na construción de suntuosos pazos e mosteiros contribuíndo á descapitalización do agro que era o alicerce da economía galega sin emprender iniciativas comerciais ou industriais que permitisen o tránsito da economía rural campesiña ó capitalismo agrario a según fixeron os *hereu* cataláns ou os *midlemen* ingleses (Saavedra, 1992).



Apunte de Illa Couto.

imposta pola lexislación liberal, porque nas facendas dos señoríos da época predominaban os ingresos de orixe territorial polas terras que os labregos seguiron a traballar en réxime foral durante a crise do Antigo Réxime en Galicia. A desamortización de Mendizábal, ó por en pública subasta os bens dos grandes mosteiros galegos, provocou unha dobre transferencia da titularidade das rentas forais e de redencións que facilitou a consolidación dos patrimonios fidalgos e dos labradores mais abastados na primeira metade do s.

XIX⁵. Os foros mantivéronse ata a promulgación da Lei de Redención (26-VI-1926) durante a dictadura de Primo de Rivera, para coutar a causa principal da conflictividade social provocada pola mobilización das sociedades agrarias que atacaban ó caciquismo local e se negaban a pagar as rentas, boicoteando ós perceptores das mesmas.⁶

Lois Domínguez estudou as estratexias familiares dunhas familias fidalgas do Ribeiro dende mediados do XIX, comparándoas as veces, cos *camiños da vida*, que van percorrendo os Doncos e os Puga da novela río de Otero. Adáptanse con desigual fortuna estas familias, ás novas circunstancias políticas e sociais do mundo contemporáneo. Os vinculeiros fórmanse en Dereito, para defender as propiedades herdadas dos seus antergos, e ameazadas agora pola lexislación liberal que xa desamortizara os mosteiros e suprimira os desmos e morgados. E os segundóns acceden ó alto funcionariado estatal como enxeñeiros, militares, procuradores, catedráticos, ou cirurxáns, de xeito que se aseguran a percepción dunha nova forma de renta fixa e distinción social (Domínguez Castro, 1995 e 1997). A consecuencia desto deuse a primeira fenda histórica no complexo bloque rendista. Os vinculeiros e o clero regular apoiaron masivamente ó bando carlista, empeñando a facenda e as vidas na organización das partidas realistas como os Doncos da novela. Os seus segundóns e as familias cunha formación intelectual máis ilustrada, optaron polo bando liberal, inseríndose paseniñamente na sociedade urbana de clases sen perder a identidade coa terra e coas xentes do país.⁷ Este grupo constituía para os homes do Grupo Nós ourensán, a esperanza principal para o futuro do país, porque nel personificábanse as esencia galeguistas e o programa de actuación política que artellaran para o grupo social co que eles se identificaban.

5. Otero entende no *Ensaio Histórico sobre a Cultura Galega* (Ed. Galaxia, Vigo, 1982: 228) que coa desamortización o papel rector que desempeñaran os mosteiros na sociedade rural foi suplantado polos burgueses que mercaron terras e comezaron a vender ó fiado, perdendo de paso a fidalguía unha saída honrosa para os seus segundóns da fidalguía, porque "ademais do clero, os fidalgos campesiños significaban entón a gran reserva tradicional de fartura e enerxía" (Otero, 1992: 81). O clero seguiu tendo unha presenza importante na Galicia rural do XIX, só que agora mudou a súa orixe social converténdose nun sumiso transmisor dos valores liberal burgueses, tal como rebelo o contraste entre a figura do belixerante e rancio D. Xacobe de Castro que emprega as súas relacións coa fidalguía para mobilizalos en favor dos carlistas, co humilde e dócil abade novo que chega a Trasouto, como desertor do arado e fillo dun labrego.

6. Según Barreiro Fernández (1982) e Cabo Villaverde (1998), os campesiños estaban aliados nestas protestas agrarias, coas organizacións obreiras e guiabanos os emigrantes que retornaran de América e sobre todo, un fato de líderes populistas que procedían das clases medias urbanas e vilegas, que poderíamos identificar, mais ou menos coa figura oteriana do *castellano*, ou co *Porco de pé* de Risco.

7. É o caso de D. Xosé María de Puga que organiza a milicia local para salvagardar o orde na parroquia (Otero, 1992: 133-139) e de D. Antonio Soutelo, segundón da casa da Pedreira e liberal convencido que acada o grao de capitán loitando con Espartero na primeira guerra carlista e que rexeita a vida de boi pousón dos fidalgos rurais para facer carreira na nacente sociedade urbana e liberal da primeira metade do séc. XIX (Otero, 1992: 186).



III.- A fidalguía na novela de Otero Pedrayo

Os Camiños da Vida, *O Fidalgo* e *Arredor de Si* son as tres novelas nas que se reflicte a cosmovisión do pasado e do futuro de Galicia que tiña Don Ramón. A terceira é unha auténtica autobiografía da andaina intelectual do Grupo Nós ata que atoparon a súa misión na terra que os rodeaba, cando a fidalguía esmorecía xa como clase identificada coa posesión dos pazos e co cobro das rentas forais⁸. Nós centrarémonos en *Os Camiños da Vida*, novela que está situada nas décadas centrais do século XIX, unha etapa clave para entender as grandes transformacións coas que a fidalguía se esvaneceu como grupo diferenciado na Galicia rural⁹. É un auténtico tríptico no que Otero deita as claves do seu proxecto de futuro e de actuación política, para que os herdeiros galeguistas dos *señores da terra* e dos pazos recuperasen a función histórica de guías naturais da sociedade campesíña galega que tiveran os seus devanceiros. Como intelectual politicamente compromiso coa súa terra, Otero artella un programa de redención material e moral de Galicia, no que esas elites nacionalistas de estirpe fidalga debían asumir o liderazgo como minoría consciente que tiña a obriga histórica de abandeirar o movemento de recuperación da personalidade diferenciada de Galicia, porque a fidalguía constituía -xunto co campesinado- a única clase auténticamente galega.¹⁰



Maqueta de Bucións

A imaxe oteriana dos hábitos da fidalguía chairega remítenos a individuos rudos, caracterizados pola escasa formación académica e polo comportamento despótico¹¹, conxugados coa valentía temeraria dun D. Xosé María de Puga, que loita a prol das liberdades liberais pero logo estraga a súa facenda nos brazos mercenarios da Bibiana da Burata (Otero, 1994: 171-178). Lembremos neste senso as protestas do crego ante o morgado de Trasouto pola educación antinatural que lle está dando súa dona Misia Xacinta ó herdeiro do vínculo¹². Ela era compostelá, e tan consciente da necesidade de adaptarse á nova sociedade liberal coma o propio D. Xosé María cando defende a conveniencia de darlle unha educación urbana ós fillos¹³. O romanticismo dunha fidalguía que camiña fachendosa cara a súa traxedia refórzase coa

8. O profesor Villares (1995: 85-86) entende que nas relacións entre fidalguía e Galeguismo (exemplificadas no achegamento de Antón Losada Dieguez, Vicente Risco e Otero Pedrayo ó proxecto nacionalista das Irmandades da Fala e na militancia no Partido Galeguista durante o quinquenio republicano), o elemento mais determinante foi precisamente a perda da súa condición de fidalgos que lles fornecía a saudade dos tempos idos.

9. A narración comeza coa loita dinástica que provocou a primeira guerra carlista e a Desamortización de Mendizábal (1837), primeira grande ofensiva liberal contra a sociedade estamental do Antigo Réxime e remata na Gloriosa Revolución de 1868 que derrubou ó réxime isabelino dándolle paso ó Sexenio revolucionario no que o ministro ourensán Paz Novoa promulgou a efímera Lei de redención de censos e foros coa que se encetaba un viño para a campesinización da propiedade da terra en Galicia (Quintana e Valcárcel, 1988: 170).

10. Isto explica a visión negativa da modernidade e do proceso de industrialización que está percorre a narrativa oteriana e que agacha o medo de clase que sentían estes homes ante os ventos de revolución social que chegaban dende Rusia. O propio Vicente Risco advertía contra a ameaza que supuñan as novas ideas políticas traídas polos americanos retornados e sobre todo, a penetración do socialismo no movemento agrarista (Cabo Villaverde, 1988). Otero estaba persuadido, sen embargo, de que as alternativas de signo comunista ou colectivista serían rexeitadas pola súa incompatibilidade "co carácter do noso chan e do conxunto do organismo vital de Galicia" ("Economía e cultura", *El Pueblo Gallego*, 26-6-1936).

11. Raiano na irracionalidade no caso dun Don Xohan que ordena a desfeita das cubas cheas de viño nas adegas para que o seu fillo estea ledo (Otero, 1982: 10) e goza coa criada que acaba de amortallar ó seu pai finado (Otero, 1982: 13).

12. "Coitado rapaz, nado herdeiro para escachar a testa estudando. ¿Vostede que estudou D. Caetano?. Cobrar as rentas e mandar na xente... para iso naceron" (Otero, 1992: 88).

13. "¿Por que non pasan os invernos en Santiago?. Non lle falo de Ourense pois alí non poderían darlle educación ós fillos... O morgado ten a maior porción de capital e non se porán marcos nas terras; con todo, non lle estaría de mais un pouco de letras. Coidolle que xa non sabemos ser señores. Frente a xente da vila non sabemos falar. Os outros poderían ser crego un, e o outro avogado" (Otero, 1992: 121).



exaltación da súa dignidade superior presentado como un poder simbólico que recoñecen os labregos e ata os animais que se someten ós *señores da terra* (Otero, 1982: 20-21)¹⁴. E ten o contrapunto na xenerosidade do fidalgo á que está obrigado para honrar a memoria da súa estirpe, tendo sempre “*mesa farta, bodega franca, bolsa aberta*” (Otero, 1982: 15). Ou na dignidade exemplar que demostra ante a adversidade e na vida de disipación que levan os fidalgos montesíos, entregados ós engados do viño e da alcoba.¹⁵

Otero fai unha descrición case apocalíptica da transición ó réxime liberal, como unha xeira na que “*o furacán da revolución deitaba as ordenadas avenidas da disciplina social imposta polas monarquías vellas. Os claustros desertos, os libros de fóra libremente espallados, a monarquía de Isabel recoñecendo os gobernos fillos da Revolución*”, e que rematou coa supresión legal dos morgados, que sentenciou a desfeita dos patrimonios fidalgos, repartidos agora entre os varios herdeiros que se instalan nas cidades, como profesio-



Maqueta de Bucinos

nais liberais ou altos funcionarios ó servizo do Estado liberal, e rematan desvencellándose do lugar de orixe para non verse obrigados a traballar directamente as súas terras como facían os labregos.¹⁶

“*O señorío viña a menos. Algunbas castes de fidalgos antigos íanse reducindo á condición dos paisanos desque se partían os patrimonios e, separados, non daban de abondo para mantelos como cabaleiros. Camiñaban uns para procurar a vida. Os mais ficaban traballando os eidos... Pouquiño a pouco esquecían os hábitos do señorío; sentábanse nas feiras nas mesas dos paisanos... casábanse coas fillas dos caseiros antigos e nunha xeración tornábanse en labregos que turraban da aixada, metíanse na roza e decotaban os carballos coma se tal cousa. Algunbas casas fidalgas quedaban aquí e alí; os seus donos levaban un vivir cada día mais arredado, procurando gardar os costumes antigos. Visitábanse uns a outros e tiñan moita relación cos cregos...*” (Otero, 1992: 298-299).

14. Este liderato natural da fidalguía asumido e aneiado polos labregos está claro no caso de Dña. Ramona da Pedreira que “*para os paisanos era a verdadeira sra. Ademais de imporse polo seu superior talento, era de nacemento a morgada, a dona. Tiña a franqueza do pai e por riba, un fino senso das cousas... Sabía ler na fronte dos labregos*” (Otero, 1992: 224). E mesmo o envilecido señorito de Casar das Tres que actúa como gancho para reclutar emigrantes con destino ás minas de Sudáfrica porque estaba “*arruinado pola vida de xogueta, só tiña un pazo onde entraban tódolos aires, e gabábase moito de que os ricos señores de Doncos foran da súa xente... era preguiceiro, bocarrota, manga ancha no moral, mais gardaba do antigo ser fidalgo unha virtude instintiva de non cativa valía social: a simpatía polo paisano. Sabíalle buscar as cóxegas do espírito e con el rían e por el eran homes para chegar ó cabo do mundo*” (Otero, 1992: 195-201).

15. O don Xohán de O Fidalgo que perde moedas de ouro coas que se poden ilustrar dous séculos da historia española (Otero, 1982: 13-14), a propia Misia Xacinta que adiviña nos seus fillos “*un montón de señorotes borrachos, comestos por mozas lagarteiras, brutas, incapaces de se presentar nunha xuntanza de homes de carreira*” (Otero, 1992: 122); D. Caetano que enceta a desfeita do patrimonio dos Doncos coa filla do Tutano e seu herdeiro que fai o propio coa Corda e pretende a Bertha para roubar as xoias da tenda do seu pai (Otero, 1992: 250 e 258-259); ou o Manueliño que chega ó cumio dese proceso de envilecemento da fidalguía, converténdose nun salteador de camiños que remata fuxindo para Portugal coa conseguinte deshonra para os seus maiores: “*Precisaba cartos. Teimaba meter o ferrado na tulla dos pais. ¿Non era o morgado?. Precisaba onzas para xogar nas feiras... desexaba farrear nas vilas e a forza de cartos levar a Xenara...*” (Otero, 1992: 149 e 153-154); e mesmo D. Xosé María de Puga que lle perdona o foro a Bibiana, dándolle outras leiras en parcería mentres a casa da Pedreira, esmorece ate o punto de que súa filla Ramonciña se presenta na casa da amante e confesa o que xa todos saben: “*Meu pai, veño a que me dea algo de xantar. Na casa morro coa fame e co frío*” (Otero, 1992: 171-173 e 178).

16. O Estado liberal precisaba servidores para activar os seus resorte de poder e recaudación fiscal e para iso, ninguén mellor que os fillos dos fidalgos que señoreaban as parroquias do país e que dende mediados do século XIX, enchen as facultades de Dereito e Medicina da Universidade. Este é o caso o fidalgo Don Xohán que procura unha nova renda fixa na sinecura dun emprego estatal e na débeda pública (Otero, 1982), e mesmo de Paio que se sente atraído polas letras igual cos homes do Grupo Ourensán mentres que a súa familia agarda que se forme en Dereito porque “*eles queren ter un avogado para que garde os dereitos da casa, os lindeiros das fincas e siga o movemento da pequena política*” (Otero, 1992: 264) e acaba estudando medicina coma o pai de D. Ramón. E sente tamén a tentación urbana dos tempos novos, preñada de promesas políticas e persoais ó abeiro da filla dos Moscoso, aínda que remata sumindo o seu papel de protector natural dos labregos da parroquia e se ergue no medio da noite para ir a curalos.



Os pazos esmorecían nas mans dos encargados e caseiros. Foron mercados por xentes de fora (indianos retornados, tendeiros e tratantes de gando enriquecidos...), ou polos mesmos administradores de outrora como pasou coa casa dos López Pardo en Mandrás (S. Cristovo de Cea) e co priorato de Bóveda nas chairegas terras de Amoeiro. Otero denuncia e ridiculiza ós políticos liberais, tendeiros casteláns e comerciantes que chegaban ás aldeas polas estradas que borbaban os vellos camiños e corredeiras do tempo dos frades e fidalgos. Aqueles rachaban a paisaxe para impor o dominio das relacións de mercado coas que os arrieiros casteláns e xamoneiros masidaos *“agora levarán os ovos, as pitas, as carnes, todo vai subir para que se manteñan as cidades”* (Otero, 1992: 297). Son os novos *porcos de pe* que exercen a usura, cunha total ausencia da comunión coa terra e do paternalismo cara ós labregos que tiñan a galano as rancias estirpes fidalgas (Otero, 1982: 26). Eles apropiáranse dos patrimonios dos envilecidos fillos das castes fidalgas e quedanse coas rentas forais. Arelan o prestixio social da propiedade agraria, pero tamén a explotación impía dos labregos, ós que lles embargan terras e enseres senon poden pagar a renta, ou lles mercan os xamóns aproveitando a súa necesidade de cartos para pagar os impostos do Estado ou para libraren ós fillo do servizo militar en África (Otero, 1992: 300-302). O contrapunto é a mitificación da ruralidade, loubada como característica definitoria do país que lle permite afirmar que na fidalguía e no campesinado reside o cerne máis puro das esencias nacionais, porque entrambos constituían un modelo de sociedade igualitarista, democrática, fortemente cohesionada e socialmente integrada ó xeito tradicional. Unha Arcadía rural, na que o devalar dos séculos foi madurando un modelo autóctono de democracia agraria tradicional, baseada nunha economía autárquica precapitalista de pequenas explotacións agropecuarias familiares, complementadas cunha protoindustria doméstica perfectamente integrada no ciclo productivo agrario (Domínguez Castro, 1995 e 1997). Os intelectuais do Grupo Nós entenden que a elite nacionalista de estirpe fidalga, coa que eles se identifican, debe converterse nunha minoría consciente que volva ó agro para asumir a súa obriga histórica de abandeirar a redención material e moral de Galicia ó tempo que recuperan o paradiso perdido que estragaron os seus devanceiros.



Apunte
de Seoane.

Cando D. Ramón de Trasalba nos narra a decadencia, paseniña pero inevitable, desta caste de señores da terra, remata convencéndonos de que aquela se debe, máis que a súa incapacidade para adaptarse ós cambios provocados polos avances do capitalismo,



á renuncia a súa xerarquía espiritual e cultural, a súa deserción como clase dirixente da Galicia rural, manifestada na adopción do modo de vida urbano en detrimento da terra e da aldea. X. R. Quintana e M. Valcárcel (1988: 72) demostraron que Otero chegou a obsesionarse co papel rector da fidalguía, ata o punto de fabricarlle un futuro literario, no que se reflicte o que *debeu ser* e non o que *foi* a súa evolución real. E por iso, a carón desa fidalguía esmorecente que foi a *real*, aparecen outros fidalgos –o *ideal*– que coma o tío Adrián e o Paio, son conscientes da súa misión rexeneradora da casta e do país e que abrazan o galeguismo como proxecto de futuro. O vello Adrián simboliza ós rexionalistas e federalistas republicanos que loitaran a prol do recoñecemento nacional de Galicia dende o pronunciamento de Carral no 1846 e que cumpre a súa función cando vai a Santiago para cederlle ó seu sobriño Paio o testemuño do compromiso histórico que tiña a fidalguía galega co futuro do país, tal como o entenderon e asumiron D. Ramón e os restantes membros do Grupo Nós:

“Os fidalgos campesiños que deberan gardar nobremente unha maxistratura patriarcal, ou están embestados no xogo, no viño e nas mozas, ou soamente ollan en Madrid o final das súas aspiracións se pensan nun vivir superior. Cóntanse cos dedos da man os que sentimos a grande dor da nosa terra aldraxada... Ti riraste disto, é natural, e ate teimarás de ir a Madrid e non dirás a ninguén onde naciches... Eu tamén tiven culpa de abondo o aconsellándoches a carreira. Mais non coidei que te esqueceras ate tal termo do ideal do noso pobo, porque has de saber, meu fillo, que somos un pobo” (Otero, 1992: 228-230).

Paio Soutelo personifica a ilusión do porvir como herdeiro da mellor tradición dos devanceiros dos pazos que une á nobreza do seu sangue, unha formación universitaria axeitada ós novos tempos e que, logo dunha viaxe iniciática por Europa na que

coñece a loita nacionalista de Irlanda e os vencellos históricos entrambos pobos a través da amizade cos irmáns O´Bryan¹⁷, asume o seu rol social na aldea, converténdose por fin, no modelo de fidalgo socialmente útil que estes pretendían. Asume a xestión da casa¹⁸, segue a estudar para doutorarse en Madrid e acadar unha cátedra en Santiago que lle permitisen recuperar o amor da filla dos Moscoso¹⁹, ó tempo que aprende a coñecer ós paisanos e faise querer deles ate o punto que os vellos de Trasouto sentencian que *“vai ser o dono do país... ¿Que importan os señorotes lacazáns doutro tempo, que só servían para andar de farra, procurando os tocos das boas mozas?. Será un home se chega a domear ós lobos da política”* (Otero, 1992: 350). E Paio decátase de que *“non haberá outro remedio senón meterse na Política, inda que só sexa para defender ós paisanos”*, protexendose de paso, das carraxes que outros lle tiñan por envexa do seu liderado na parroquia que fora o solar dos seus antergos e que agora confiaba tanto na súa dirección social como nos seus coidados médicos (Otero, 1992: 352-355).

Poderíamos concluir xa que logo, que a narrativa oteriana nos presenta primeiro, unha visión romántica do papel histórico da fidalguía galega que se envileceu ó longo do século XIX. Aqueles *señores da terra* de rancia estirpe fidalga desertaron da súa función de guía e salvagarda natural dos labregos fronte ás ameazas do mundo urbano e do Estado liberal (centralista e alonxado das esencias galegas por definición), e iso foi a causa derradeira do devalar fidalgo, da explotación campesiña e de tódolos males de Galicia. Pero Otero abre logo a fiestra da esperanza, que deposita na xeración de herdeiros dos pazos representada polo tío Adrián, un personaxe que anuncia ó Adrián Solovio de *Arredor de Si* e, sobre todo, no prometedor Paio, que é a personificación idealizada do grupo social co que se identificaban os homes do *cenáculo ourensán*. O propio Paio experimenta tamén, unha

17. Aquí reflictese a idea de europeísmo céltico que tiña Otero e a imaxe de Irlanda que operaba como modelo a seguir para os galeguistas de antes da guerra, ó tempo que a renuncia ó amor da moza irlandesa supón un exemplo de entrega á causa nacional.

18. Desempeñando o patrimonio e *“Depreñeu a coñecer as xestas e carballizos roubados nas touzas; fíxose cargo das demarcacións dos eidos, do xeito como se han de decotar as árbores... clasificou a documentación dos foros que doña Ramoniña clasificaba nun arcaz...”* (Otero, 1992: 275).

19. Na novela, unha familia fidalga instalada na Corte e con sólidas relacións no partido liberal que o tentaran co éxodo á cidade ofrecéndolle casamento cunha das súas fillas si entra na boa sociedade da época: *“Vostede herdará terras. Siga o meu consello: déixeeas que para traballalas estanlle os labregos. Vde. en Madrid pode adicarse á profesión, facer boas amizades e cun pouquiño de política e periodismo, anúnciulle unha carreira farta”* (Otero, 1992: 326).



fonda angustia existencial pola súa inadaptación a un mundo que xa non era aquela arcadia rural que señorearan paternalmente os seus antergos²⁰. Poderíamos aplicarllles, dende esta perspectiva, o proverbio de que tódolos homes que viven no pasado corren o risco de perder o presente. Pero tampouco debemos esquecer que Don Ramón e os seus compañeiros do *Cenáculo Ourensán* fixeron súa a afirmación que G. di Lampedusa (1991: 66) pon nos beizos do noble Tancredi cando lle explicaba ó seu tío por que se enrolara cos revolucionarios mazzinianos: "*Si allí no estamos también nosotros, éstos te endilgan la República. Si queremos que todo siga como está, es preciso que todo cambie*". Foron de tódolos xeitos parte importante dunha xeración que traballou arreo nos eidos da Política e a Cultura para dotar a Galicia dunha identidade de seu.



V.- BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

ARTIAGA REGO, A., e BALBOA LÓPEZ, X.L., 1991, "La agricultura gallega del siglo XIX", en R. Villares, dir., *Historia de Galicia*, vol. 4: *La Época Contemporánea*, Faro de Vigo, pp. 745-764.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., 1984, *Historia Contemporánea de Galicia*, t.IV: *Economía y sociedad*, Eds. Gamma, A Coruña.

- 1985, "A problemática foral no século XVIII. Unha nova interpretación", en C. Barros e J. Vilas Nogueira, eds., *Dende Galicia. Marx. Homenaxe a Marx no primeiro centenario da súa morte*, O Castro, Sada, pp. 243-258.

BERAMENDI, X., G., 1987, "O nacionalismo de Otero Pedrayo", en VV.AA., *A sombra inmensa de Otero Pedrayo*. A Nosa Terra, extra nº 8, Vigo.

CABO VILLAVERDE, M., 1998, *O agrarismo*, Vigo, Edicións A Nosa Terra.

DOMÍNGUEZ CASTRO, L., 1992, *Viños, viñas e xentes do Ribeiro. Economía e patrimonio familiar, 1810-1952*, Xerais, Vigo.

- 1995, "O serán dos pazos, dos priorados e mosteiros" en *O nacemento dunha Nación. Sociedade e categorías sociais na historia de Galicia*, A Nosa Terra, Vigo, pp. 67-71.

- 1997, "A fidalguía na sociedade do século XIX" en *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego*, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

FERNÁNDEZ CASANOVA, C., 1991, "La sociedad gallega del siglo XIX", en R. Villares, dir., *Historia de Galicia*, vol. 4: *La Época Contemporánea*, Faro de Vigo, pp. 785-800.

FREIXANES, V., 1976, *Unha ducia de galegos*, Galaxia, Vigo.

LAMPEDUSA, G. di, 1991, *El Gatopardo*, Cátedra, Madrid.

OTERO PEDRAYO, R., 1992, *Os Camiños da Vida*, Galaxia, Vigo, 4ª edición, [ed. introducción e notas de R. Mariño].

- 1978, *O Fidalgo e outras narracións*. Galaxia, Vigo.

QUINTANA, X.R., e VALCÁRCEL, M., 1988, *Ramón Otero Pedrayo: vida, obra e pensamento*, Ir Indo, Vigo.

SAAVEDRA, P., 1992, *A vida cotiá en Galicia de 1550-1850*, Biblioteca de Divulgación da U.S.C. Santiago.

VILLARES PAZ, R., 1982, *Foros, frades e fidalgos. Estudos de Hsitoria Social de Galicia*, Eds. Xerais, Vigo.

- 1985, "Fidalguía e galeguismo", en J.G. Beramendi, ed., *Losada Diéguez. Obra completa*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, pp. 83-97.

1997, *Figuras da Nación*, Eds. Xerais de Galicia, Vigo.

20. Semella que a figura de Paio Soutelo está inspirada na andaina vital do propio pai de D. Ramón, médico liberal que viviu na rúa Mazarelos cando fora estudante en Santiago, e nas dúbidas existenciais do Grupo Nós, ante a asunción do compromiso coa terra para dirixir a modernización da Galicia rural ou a evasión a cidade para levar unha vida de aparencia distinguida que supuña o abandono do modelo ideal de 'fidalguía galeguista' que coallou no pensamento político destes homes.